

Cando medre quero ser entomólogo

VII CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

Tania Gómez Ferreira

Miriam Soares Araújo



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
1.1 XUSTIFICACIÓN	2
1.2 PLANIFICACIÓN	2
2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA.....	10
3. PROCESO DE DISEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	11
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO	12
5. TAREFAS REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO	12
6. RECURSOS	14
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA	15
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	15
9. AVALIACIÓN.....	16
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	16
11. CONCLUSIÓNS.....	16

1. INTRODUCCIÓN

1.1 XUSTIFICACIÓN

Os destinatarios do proxecto son o alumnado de primeiro de Educación Primaria do CEIP García Barbón de Vigo. Un total de 49 nenos e nenas. As responsables do deseño e implementación da proposta son as respectivas titoras Tania Gómez Ferreira e Miriam Soares Araújo, que imparten as áreas nas que se desenvolve o proxecto ao longo do terceiro trimestre.

A principal área na que se enmarca é a de Ciencias da Natureza aínda que por ser un proxecto interdisciplinario tamén toca aspectos das áreas matemática e lingüísticas.

Para a posta en práctica deste proxecto empregamos o esquema de traballo do método científico: partimos dunha pregunta, formulamos hipóteses, organizamos o traballo en base á investigación e á observación para chegar a conclusións que de ser comprobadas, pasaríamos a divulgar co resto da comunidade educativa.

2

Por outra banda, a metodoloxía empregada é a de Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP), xa que son os estudantes os que deseñan, planifican e realizan as propias investigacións relacionando as diferentes áreas mediante estratexias cooperativas e empregando o seu pensamento crítico. O papel das mestras neste caso é o de guiar ós alumnos e alumnas no proceso de ensino-aprendizaxe deixando que estes sexan os protagonistas en todo momento e facilitar a colaboración dos diferentes sectores da comunidade educativa.

1.2 PLANIFICACIÓN

A organización curricular deste proxecto acóllese ao *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, concretamente ás áreas de Ciencias da Natureza, Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

Nas táboas que aparecen a continuación especificase a concreción dos contidos curriculares, competencias clave, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeles. Ademais quedan recollidos os diferentes procedementos e instrumentos de avaliación.

CIENCIAS DA NATUREZA							
Criterio de avaliación	Estándar	Contido	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Procedementos de avaliación/ Instrumentos de avaliación	
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CN-B1.1	1º-CNB1.1.1 - Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	B1.1. Iniciación á actividade científica.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CCL CMCT CSIEE CCEC CD
CN-B1.1	1º-CNB1.1.2 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	B1.1. Iniciación á actividade científica.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CMCT CSIEE CCL
CN-B1.2	1º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	B1.5. O traballo cooperativo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CMCT CSC CSIEE
CN-B3.1	1º-CNB3.1.2 - Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	B3.1. Os seres vivos: as plantas e os animais.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT CCL
CN-B3.1	1º-CNB3.1.3 - Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CMCT

		para adaptarse ao seu medio.				INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
CN-B3.2	1º-CNB3.2.1 - Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	B3.2. Identificación das características e dos comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CCL CAA CSIEE CD
Bloque 4: Materia e enerxía							
CN-B4.1	1º-CNB4.1.1 - Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	B4.1. Tarefas de redución, reutilización e reciclaxe na escola e no seu contorno próximo.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT CSC CSIEE
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CN-B5.1	1º-CNB5.1.1 - Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	B5.1. Observación e clasificación de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade e evitando estereotipos sexistas.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT CSC CCL
CN-B5.2	1º-CNB5.2.2 - Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	B5.4. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCT CD

LINGUA CASTELÁ

Bloque 1: Comunicación oral. Falar e escoitar.

LC-B1.1	1º-LCB.1.1.2 - Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos dos e das demais.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA CSC
---------	---	--	--	--	---	---	-------------------

LC-B1.2	1º-LCB.1.2.1 - Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CSC
LC-B1.6	1º-LCB.1.6.1 - Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	B1.7. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de comunicación.			X	PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CCE CAA CCL
LC-B1.9	1º-LCB.1.9.2 - Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba.	B1.9. Dramatizacións de textos infantís.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCL
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler.							
LC-B2.5	1º-LCB.2.5.1 - Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	B2.5. Uso da biblioteca como recurso para desenvolver o Plan lector.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CD CAA
Bloque 3: Comunicación escrita. Escibir.							
LC-B3.3	1º-LCB3.3.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas	B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da función, textualización, revisión e reescritura.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CD CAA
LC-B3.3	1º-LCB3.3.2 - Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	B3.3. Utiliza estratexias para a produción de textos: planificación, identificación da			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA

		función, textualización, revisión e reescritura.				INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	
--	--	---	--	--	--	---------------------------------	--

LINGUA GALEGA

Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar

LG-B1.2	1º-LGB1.2.1 - Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	B1.2. Comprensión global e específica de informacións audiovisuais moi sinxelas procedentes de diferentes soportes.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CD CAA CSC
LG-B1.3	1º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA CSC CSIEE
LG-B1.3	1º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA

		explicación sobre a organización do traballo).					
LG-B1.3	1º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSIEE CAA
LG-B1.3	1º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en pequeno grupo.	B1.3. Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CSIEE CAA
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler.							
LG-B2.1	1º-LGB2.1.3 - Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	B2.2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente a noticia.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA CSIEE

LG-B2.4	1º-LGB2.4.1 - Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA CSC
LG-B2.4	1º-LGB2.4.2 - Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvéndoo ao seu sitio logo de lelos.	B2.6. Introducción ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA CSC
Bloque 3: Comunicación escrita. Escribir.							
LG-B3.1	1º-LGB3.1.5 - Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	B3.1. Producción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCL CAA CSIEE

MATEMÁTICAS

Bloque 3: Medida

MT-B3.4	1º-MTB3.4.1 - Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.	B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CMCT
MT-B3.4	1º-MTB3.4.2 - Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en	B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións:			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.	CMCT

	punto e a media hora.	minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.				INSTRUMENTOS: Asamblea.	
MT-B3.4	1º-MTB3.4.3 - Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	B3.3. Unidades de medida do tempo e as súas relacións: minuto, hora, día, semana e ano. B3.4. Lectura sinxela en reloxos analóxicos e dixitais.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CMCT
Bloque 4: Xeometría							
MT-B4.1	1º-MTB4.1.1 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe e próximo-afastado.	B4.1. Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Lista de control/cotexo.	CMCT CAA CCL
MT-B4.1	1º-MTB4.1.2 - Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia.	B4.1. Interpretación de representacións espaciais sinxelas en situacións da vida cotiá.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CAA CCL
MT-B4.2	1º-MTB4.2.1 - Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.	B4.7. Formas planas e espaciais: clasificación de figuras planas.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CAA

2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O tema da investigación está enmarcada dentro do proxecto de nivel deste curso “Cando medre quero ser...”. A temática xorde do interrogante do propio alumnado: **que pasou coas leitugas da horta?** A nosa principal hipótese para dar resposta a este interrogante era que os caracois as comeran. Isto levounos a observar a gran cantidade de animais que conviven na horta, e máis concretamente os insectos. Nunha primeira aproximación vimos que tres de cada catro animais do planeta son insectos e descubrimos que son fundamentais no equilibrio da natureza, especialmente no proceso de polinización.

Xa tiñamos novo tema, *cando medre quero ser entomólogo*, e un novo obxecto de estudo, os insectos. Enmarcamos a temática principalmente na área de Ciencias da Natureza e arrancam polo coñecemento dos animais: diferenza entre vertebrado/invertebrado, clases de invertebrados, os artrópodos e chegamos aos insectos (características diferenciadoras: teñen cabeza, tórax e abdome, 6 patas, antenas, respiran por tráqueas, son ovíparos e moitos teñen ás; Outro aspecto salientable, sofren un proceso de cambio dende que nacen ata chegar a idade adulta, a metamorfose).

10

O feito de centrarnos nunha tipoloxía concreta de animais non resultou en absoluto limitante, xa que por comparación con animais moito máis coñecidos permitiunos integrar conceptos moi importantes:

- Diferenza entre animais vertebrados e invertebrados
- Familias de animais dentro dos invertebrados: esponxas, medusas, vermes, moluscos, equinodermos e artrópodos
- Características comúns que fan que un animal pertenza a unha familia concreta, neste caso aos artrópodos

A valoración final da temática escollida é moi positiva xa que xeralmente os animais invertebrados son os grandes descoñecidos e a súa función é vital no equilibrio dos ecosistemas e o alumnado resultoulle tremendamente motivante.

Cabe destacar que aproveitamos a temática deste proxecto para conmemorar o Día Mundial do Medio Ambiente, 5 de xuño do 2021, traballando cunha frase que nos invita a reflexionar: *Se desapareceran todos os insectos da Terra, en menos de 50 anos desaparecería toda a vida.*

PLANTEAMENTO

1. Definición do problema

Partimos da curiosidade dos alumnos e alumnas para seleccionar o tema a investigar.

Pregunta: Onde están as leitugas da horta?

Hipótese: Coméronas os caracois

Formulación de interrogantes ao alumnado

2. Marco teórico

Enmarcamos a proposta do alumnado dentro do currículo.

3. Obxectivos

Identificar e describir con criterios elementais os animais invertebrados do contorno.

DESENVOLVEMENTO

4. Deseño metodolóxico

Elección de tarefas e actividades en base aos contidos, criterios e estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Organización do traballo en grupos cooperativos.

5. Traballo de campo

Realización de diferentes tarefas e actividades planificadas para recoller e elaborar a información que de resposta aos interrogantes plantexados polo alumnado.

RESULTADOS

6. Análise e interpretación de resultados

Tratamento, organización e interpretación da información obtida.

7. Difusión do traballo

Compartimosa traballo realizado co resto do alumnado do centro

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E ALUMNADO

Documentación elaborada para o profesorado:

- Documentos organizativos para o seguimento do proxecto

Documentación elaborada para o alumnado:

- Minilibros con información sobre insectos: bolboreta, formiga, xoaniña e abella
- Tarxetas 3 partes sobre as fases do ciclo de vida dos insectos
- Lámina de información das partes do insecto
- Infografías de animais vertebrados e invertebrados
- Tarxetas de insectos para a mesa de luz
- Tarxetas autocorrectivas coas características dos animais para empregar co Pop-it
- Muro colaborativo dixital (Padlet) con información sobre as abellas
- Ficha de secuencias para a expresión escrita co proceso de elaboración do mel
- Tarxetas de apoio visual para a xestión do grupo cooperativo
- Tarxetas de simetrías para empregar con Lego
- Tarxetas para autodictado
- Fichas de simetrías

5. TAREFAS REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO

As tarefas realizadas na área de **Ciencias da Natureza** son:

- Visita á horta escolar. Descubrimos que as leitugas que plantamos unhas semanas antes desapareceron. A profesora encargada da horta explicounos que os caracois que por alí andaban as comeran.
- Taboleiro colaborativo con interrogantes formulados polos alumnos e alumnas sobre os animais que viven na horta.
- Asignación de equipos e roles cooperativos. Repártense ós alumnos por equipos, escollen o seu nome e distribúense entre os distintos membros os seguintes roles: rastreador, portavoz, repartidor, moderador, supervisor e animador. Todo ambientado coa temática do proxecto.

- Estacións de aprendizaxe dos insectos:

- Establecemos catro estacións de aprendizaxe, cada unha delas adicada a un insecto (formiga, xoaniña, abella e bolboreta). En cada unha delas temos unha serie de actividades asignadas:

- Lectura comprensiva do minilibro.
- Relacionar as pezas do quebra cabezas e a lamina coas partes do insecto.
- Maqueta do ciclo da vida e emprego das tarxetas tres partes.
- Proposta competencial da formiga: xogo de mesa Bórobil sobre os animais.
- Proposta competencial da xoaniña: traballo das características dos animais co xogo Pop-it.
- Proposta competencial da abella: lectura de código QR con Ipad para a visualización do taboleiro colaborativo Padlet con información sobre o mel, a cera, a xalea real e o pole das abellas para a posterior realización dunha ficha de síntese da información recabada.
- Proposta competencial da bolboreta: emprego da mesa de luz relacionando imaxe, nome e miniatura de insectos.

Por outra banda, as tarefas realizadas na área de **lingua castelá e lingua galega** son:

- Dicta-ruleta. Autodictado de nomes de insectos para construír oracións.
- Secuencias. Escritura dun texto expositivo a partir de secuencias do proceso de elaboración do mel.
- Que pasa no mundo? Lectura e análise de distintas noticias sobre a importancia dos insectos; por exemplo: *a xoaniña no control de plagas do pulgón*.
- Sesión de biblioteca. Traballo con contos relacionados coa temática dos insectos e realización de actividades plásticas.
- Audioguía elaborada cos Ipads coa aplicación *Thinglink* con imaxes e audio explicativo das familias de invertebrados.

Por último, as tarefas realizadas na área de **matemáticas** son:

- Simetrías. Actividades con distintos materiais para traballar a orientación espacial.
- Xeometría. Recoñecer e representar en diferentes soportes figuras xeométricas do contorno inmediato (hexágono en panal de abella).
- A xoaniña rosmona. Recurso empregado para o traballo das unidades de medida de tempo.

6. RECURSOS

Os recursos empregados ao longo do proxecto dividímolos en: recursos persoais, material funxible, recursos dixitais, material manipulativo e documentos impresos.

RECURSOS PERSOAIS		
Mestras/titoras	Mestra responsable da horta do centro	Equipo de dinamización da biblioteca
MATERIAL FUNXIBLE		
Material escolar de uso cotiá: folios, libretas...	Materiais plásticos: plastilina, pasta de modelar...	Material de refugallo: filtros de café tubos de papel hixiénico...
RECURSOS DIXITAIS		
Ipads	Thinglink, Palet	Vídeos educativos de Youtube (<i>HappyLearning</i>)
MATERIAIS MANIPULATIVOS		
Pop-it	Ruleta de madeira	Quebracabezas de madeira
Maquetas do ciclo de vida de insectos	Tarxetas tres partes	Reloxos manipulativos
Mesa e láminas de mesa de luz	Miniaturas de insectos	Exemplos reais da produción das abellas (mel, polen, cera e xalea real)
Xeoplano	Xogo de mesa: “Abejitas, zum, zum”.	Xogo de mesa: “Colour code” – Smart games
DOCUMENTOS IMPRESOS		
NARRATIVA		
Carle, E. (2002). <i>La pequeña oruga glotona</i> . Kokinos: Madrid.	Carle, E. (2011). <i>A xoaniña rosmona</i> . Kalandraka: Pontevedra	Isern, S. (2002). <i>Oso atrapabolboretas</i> . OQO: Galicia
Lionni, L. (2008). <i>La casa más grande del mundo</i> . Kalandraka: Pontevedra		
INFORMACIÓN		

Aladjidi, V. (2018). <i>Inventario de insectos</i> . Kalandraka: Pontevedra	Robseon, K. (2018). <i>Busca que te busca: bichitos</i> . Usborne: Madrid	Bartikova, P. (2018). <i>A colmea</i> . Baio Edicións: A Coruña
Bartikova, P. (2018). <i>O formigueiro</i> . Baio Edicións: A Coruña	Bourgoing, P. (2008). <i>La mariquita. Mundo Maravilloso</i> . SM: Madrid	Marsh, L. (2013). <i>De oruga a mariposa</i> . RBA libros: Barcelona
Santai, R. (2002). <i>La abeja. Mundo Maravilloso</i> . SM: Madrid	Stewart, M. (2018). <i>Las hormigas</i> . RBA libros: Barcelona	Zommer, Y. (2016). <i>El gran libro de los bichos</i> . Editorial Juventud: Barcelona

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para o desenvolvemento deste proxecto contamos coa implicación dos seguintes membros da comunidade educativa:

Familias. No inicio do proxecto informamos ás familias do traballo que imos realizar e solicitamos a súa colaboración para a elaboración dun animal invertebrado con materiais de refugallo para confeccionar un terrario.

Persoa responsable da horta escolar. Na sesión mensual a que acudimos á horta escolar xurdiu a temática deste proxecto e démoslle continuidade na seguinte sesión coa construción dun hotel de insectos con materiais da natureza.

Equipo de dinamización da biblioteca. Aportaron os recursos bibliográficos precisos para o desenvolvemento deste proxecto.

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

O produto final do proxecto foi elaborar un terrario cos animais invertebrados confeccionados polo alumnado e as familias no corredor da biblioteca do centro. Neste terrario atopabamos dúas infografías con información de animais vertebrados e invertebrados, así como unha audioguía elaborada polo alumnado con Thinglink explicando cada familia de invertebrados. Engadimos tarxetas informativas con datos investigados polo alumnado de cada un dos animais expostos: a súa alimentación, tipo de pel... Ao final do proxecto o alumnado e profesorado de Educación Infantil acudiu a visitar o terrario.

As conclusións do proxecto son compartidas coas familias mediante un Genially publicado na aula virtual de nivel, mediante a cal pódese facer tamén o seguimento do proxecto.

9. AVALIACIÓN

A avaliación levouse a cabo en tres momentos diferentes; ao inicio do proxecto realizouse unha **avaliación inicial** para saber cales eran os coñecementos previos do alumnado e establecer o punto de partida do proxecto. Durante o desenvolvemento das actividades levouse a cabo unha **avaliación continua** mediante diferentes instrumentos e procedementos¹ de avaliación relacionados con cada un dos estándares traballados. Por outra banda, e neste momento, o alumnado fixo unha autoavaliación do traballo cooperativo empregando a aplicación de ClassDojo. Ao final do proxecto levamos a cabo unha **avaliación final** para coñecer o grao de adquisición dos distintos contidos por parte do alumnado e valorar se nos axustamos á programación inicial e se se cumpriron os obxectivo propostos.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

16

A principal función desempeñada pola biblioteca neste proxecto foi dar soporte a todo o traballo de investigación desenvolvido polo alumnado. Aportou bibliografía de consulta axeitada á temática do proxecto e á idade do alumnado, facilitounos propostas narrativas para implementar unha sesión de dinamización lectora na propia biblioteca e foi espazo de encontro para o alumnado onde expor as súas investigacións, desenvolver a competencia informacional mediante a análise de noticias de prensa e compartir tempo de lectura. Ademais, reforzouse o concepto e biblioteca escolar como laboratorio creativo de aprendizaxes no desenvolvemento de diferentes actividades.

11. CONCLUSIÓN

Non é a especie máis forte a que sobrevive, senón a que responde mellor ao cambio. Estas palabras de Charles Darwin invítanos a reflexionar sobre a Educación, sobre o novo modelo de Educación que con este tipo de metodoloxías empregadas neste proxecto, melloran o proceso de ensino-aprendizaxe e logran que os alumnos e alumnas disfruten á hora de aprender e aprendan mellor.

¹ Consultar os cadros das páxinas 2-8 onde constan os procedementos e instrumentos de avaliación